



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

II Raid CONCELLO DE CARIÑO

BREAFIG

Benvidos a unha nova edición do II Raid CONCELLO DE CARIÑO . Desde o club queremos agradecer O Concello de Cariño, os Organismos públicos e empresas privadas que nos axudaron a poder levar a cabo este raid. Tamén queremos agradecer a todos os participantes por confiar en nos e estar aquí un ano mais.

Antes de comezar ca explicación técnica recordade que a proba se desenrola nun medio natural que debemos coidar e deixalo como estaba o noso paso, así que sexamos serios e respectuosos co medio.

As seccións de Btt discorren por varios núcleos rurais e ademais utilizaredes moitas pistas de comunicación entre estes núcleos. Extremade a precaución o circular por estas vías xa que non teñen moito tráfico, son moi estreitas e no momento menos pensado pode aparecer un animal, coche ou maquinaria agrícola. Non fai falla dicilo pero tedes que respectar o código de circulación.

A recepción dos equipos será na praza Roxa de Cariño (mesmo lugar co ano pasado). Habrá lugares habilitados para estacionar e teremos un espáceo destinado os boxes.

Asistencia:

ELITE:

Sen asistencia xa que nos dous puntos (T2 e T5) de transición fora de Cariño se lles facilitara auga, ademais terán un sitio onde deixas as cousas que non precisen nesa sección. Todos os equipos dispoñerán dun box en Cariño onde poderán deixar o que precisen. Este box o visitaredes na saída, na T1, na T4 e meta.

Ningún equipo elite podera ser asistido por outra persoa.

AVENTURA E PROMOCION

O compoñente que descansa fará as tarefas de asistente, para elo se vos entregara un mapa de asistencia. Vos pedimos que colaboredes ca organización tanto na T2 coma na T5 a hora de estacionar os vehículos. Xa que non hai moito espáceo e debemos internar molestar o menos posible.

T2, será nunha estrada con pouco transito, os asistentes estacionaran o seu vehículo e farán a asistencia do seu equipo nese lugar. Os compoñentes de cada equipo terán



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

que pasar pola secretaria da T2, e farán as labores de asistencia no seu vehículo, a rematar a sección votarán a secretaria, farán as labores de asistencia e marcharan para seguir co raid.

O compoñente que faga a asistencia na T2, terá que ser bastante rápido en deixar Cariño e dirixirse a T2 xa que algúns corredores en menos de 45 min chegaran alí.

T5, será a transición que vos levara o kaiak. Contamos cunha pequena explanada na que teremos que ser moi ordenados para que collan tolos los vehículos. Ademais ningún vehículo poderá dirixirse o embarcadoiro dos kaiaks xa que colapsaríamos a vía. Todos os vehículos terán que estacionar na pequena explanada ou na estrada principal.

Vos pedimos que os equipos que utilicedes autocaravanas, non as utilizades para facer a asistencia nas T2 e T5

T2 = T3

Datos Técnicos:

O raid se divide en 5 seccións. Dentro da sección 2 estará a sección 3 e dentro da sección 4 estar a sección 5. O sistema de control e cronometraxe será por sporident, todos os corredores levaredes unha pinza sporident fixada a muñeca cunha pulseira.

Todas as Balizas do raid teñen o mesmo valor, 1 punto, salvo na primeira secc.

E un raid que non será completado por todos los equipos, aconsellámosvos que teñades a referencia dos tempos medios de cada secc e se vedes que vedes xustos ou pasados vaiades recortando onde poidades.

A meta cerra as 20:00 todo aquel que entre pasado este tempo perdera todos os puntos da secc. So poderán sobrepasar este tempo os equipos que teñan neutralización no kaiak. A Neutralización do rappel non amplía este horario. Os equipos que teñan neutralización no rappel será descontado do seu tempo final pero non ampliara a hora de peche de meta.

Aconsellamos levar roupa de abrigo xa que e un raid que se vai a celebra nunha zona moi exposta o vento no que e probable que chova algo e a sensación térmica será baixa. Especialmente na secc3 e na secc5. No kaiak aconsellamos levar posto o impermeable ou cortaventos e valorade o feito de levar un pantalón de augas para vos abrigar, xa que o faredes na parte final da carreira e é mais fácil que vos destempledes.



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

RECEPCION DE EQUIPOS:

A secretaria abrirá as 8:30 animamos a todo o mundo a facer canto antes este trámite para que teñades tempo de preparar o material. Haberá catro zonas que terdes que visitar todos os membros dos equipos xuntos.

- Zona Recepción de documentación: entregaremos a bolsa do equipo onde teredes toda a info mais algún detallíño. Estarán os 3 dorsais que debedes colocar nas vosas mochilas na parte traseira.
- Zona Comprobación de pinzas sporident e colocación na muñeca das mesmas cas pulseiras.
- Zona Comprobación de todo o material obrigatorio de carreira. E o lugar de entrega das palas, perfectamente indicando o número de equipo.
- Zona foto equipo.

1 Sección. O-Pe Score 100

Será unha sección scoring na que as balizas terán distinta puntuación. Teres que ticar as necesarias para sumar 100 puntos, nin mais nin menos. Aconsellamos levar un bolígrafo ou rotulador para ir marcando as que ticades.

Todos os equipos que fagan esta secc teran 3 puntos, ademais:

- Os que sumen 100 puntos:3 puntos + 0 tempo de penalización
- Os que sumen entre (101-110) e (99-90):3 puntos + 25 min de penalización
- Os que sumen (+111) e (-89) :3 puntos e 90 min de penalización
- Os que non fagan a secc:..... 0 puntos

O tempo de penalización será sumado o tempo da secc 1 do equipo.

Nesta secc so será necesario que tique un corredor por equipo, o que si sempre terá que ser o mesmo. **Moito coidado con isto.** (no resto das secc teren que ticar todos os compoñentes do equipo cada baliza salvo os de promoción que o fará so un)

O final desta secc todos os equipos terán que **descargar** a súa pinza. Haberá dúas estacións de descarga



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

2 Sección. Btt1

E una sección curta de btt en **scoring** mapa 1/18000. Especial atención en esta sección, para elección de ruta, con dos caminos cortados por un elemento natural, pintados en el mapa con el símbolo de cortado. No medio desta secc estará a secc 3, os corredores deixaran a súas bicicletas nas asistencias e os equipos elite no lugar habilitado. Este lugar será o inicio e final da secc 3, unha vez rematada a secc 3 os equipos colleran as bicicletas e farán o que lles quede da secc 2 que os levara outra vez a praza Roxa de Cariño. **Onde terán que descargar de novo**

Importante para os equipos elite, levar enriba todo o material para facer o trekin, o material que non precisen para facelo poderano deixar cas bicicletas. Terán auga no lugar do cambio de secc

Importante equipos aventura: Os dous corredores que fagan a primeira parte da btt terán que ser os mesmos que fagan a segunda parte, e dicir os mesmos que empezan a secc terán que rematala. O que si que poderán facer e relevar un corredor para facer a secc 3.

O asistente do equipo de aventura aconsellámoslle ser o mais áxil posible a hora de recoller e voltar para Cariño xa que a 2 parte da bicicleta será rapidísima (30 min).

Os equipos promoción poderán facer os relevos que desexen, non terán que respetar a obriga dos equipos de aventura.

3 Sección. Trekin

Sección lineal. Mapa 1/18000. Inicio e final no mesmo sitio.

Como vistes nos anteriores boletíns poñemos de material obrigatorio maias longas ou tamén vale culote longo ou culote curto con perneiras. O que queremos e que levedes completamente cubertas as pernas. **Ningún corredor poderá saír a esta sección se non cumpre esta obrigación.** Recomendamos tamén levar manga larga pero iso e cousa de cada corredor.

A zona da secc e unha zona que permite a navegación pero ten unha maleza as veces complicada. E unha zona moi exposta co cal recomendamos levar algunha prenda térmica posta e o cortaventos ou impermeable.

Os equipos Elite, aventura e promoción non teñen o mesmo recorrido.

Unha vez finalizada esta sección os corredores colleran as súas bicicletas (coidado aventura que teñen que ser os mesmos que empezaron a secc 2) e remataran a secc 2.



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

4 Sección . Btt2

Sección lineal. Mapa 1/20000. Inicio e final no mesmo sitio. E unha btt longa na que temos que ter coidado ca circulación, estradas prohibidas e tamén con deixar cerradas as cancelas que atopemos.

No medio desta secc 4 (case o final da sección) chegaremos o inicio da secc 5 (kaiak).

Os equipos elite teran un lugar para deixar as bicis e os equipos aventura encontraran a súa asistencia. Dous membros do equipo **elite** iran a remar e outro descansara (coidado co que descanse que non hai moito lugar para abrigarse, importante roupa de abrigo). Dende o lugar da transición o embarcadoiro do kayak hay 400 metros de asfalto, podedes ir cas zapatillas de btt ou portear toda a secc de btt 2 unhas zapatillas de trekin. Os equipos elite que deixen o material de kaiak na secretaria antes do comezo do raid perfectamente atado e identificado o atoparan na transición. Os equipos **aventura** poderanse relevar para facer esta secc 5 pero coidado os mesmos que empezan a secc4 son os mesmos que a teñen que rematar. E dicir os que chegan na bicicleta a transición 5 son os mesmos que se marchan unha vez finalizado o kaiak.

Os equipos **promoción** poderán facer os relevos que desexen, non terán que respetar a obriga dos equipos de aventura.

5 Sección. Kaiak

Sección scoring. Esta secc estara moi influencia da polo vento e as mareas. Importantísimo non descoidar o abrigo (recomendable levar posto o cortaventos e se o vedes necesario o pantalon de augas)

Ningún equipo poderá comezar esta sección antes das 14:30 e ningún equipo poderá saír a sección sobrepasadas as 18:30.

Se algún equipo chega e non ten kaiak será neutralizado e este tempo se restara do seu tempo final ou se fose preciso ampliara a súa hora de peche de meta.



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

Rappel:

Proba especial que terá unha bonificación de 40 min, que serán restados do tempo final do equipo. Esta proba poderase facer o comezo da secc 2 ou o final dela. Tamén se poderá facer o comezo da secc 4.

Esta proba estará moi preto da praza roxa de Cariño. Poderedes ir cas bicicletas e facela e o rematala traer o material de cordas para a transición ou pórtear con el toda a btt. Os equipos co traian de volta terán que vir todos xuntos, non poderán separarse. Para facer esta proba será preciso o material de cordas pedido no boletín tres mais unhas **zapatillas de trekin**, o casco específico o deixara a organización xa que non valera o da btt. (so rapela un membro por equipo)

Todos os corredores que fagan o rapel deben coñecer o material e a súa utilización, cálquela persoa que, ao criterio dos técnicos do rapel non este capacitado para facelo, non poderá baixar.

A Hora de peche da proba especial serán as 16:30. Se algún equipo chega ten que esperar será neutralizado e este tempo se restara do seu tempo final **pero non ampliara a súa hora de peche de meta**

SISTEMA DE CRONOMETRAJE:

Todos os membros de cada equipo levaran unha pinza sporident, agas os equipos da categoria de promocion que levaran unha pinza por equipo.

Sección 1: SCORE 100

Usarase unha única pinza por equipo para facer esta sección. Ten que ser sempre o mesmo que tique as balizas. (todas as categorías).

O acabar picaremos FIN DE SECCION e DESCARGAREMOS.

Fin de secc ➡ Descarga ➡ Limpamos ➡ Check ➡ Start



CLUB BRIGANTIA AVENTURA
G-70396205
C/ Hospital 39 Bj
15003-A Coruña

Sección 2: BTT 1 (score)

Imos picando as balizas da btt 1 e no medio da secc chegaremos o TREKKING (sección 3-lineal), PICAMOS INIC. TREKKING. Finalizado o percorrido, PICAMOS FIN TREKKING y continuamos ca btt1. O final da Btt 1

Fin de secc ➡ Descarga ➡ Limpamos ➡ Check ➡ Start

Sección 4: BTT 2 (lineal)

Picamos as balizas da btt2. O Chegar a transición do KAIK (sección 5), PICAMOS INIC Kaiak. O Chegar os kaiaks picaremos NEUTRAL KAYAK y FIN NEUTRAL KAYAK (todos o corredores antes de entrar no kaiak).

Picamos as balizas do kaiak e chegar de novo a transición picaremos FIN KAIK . E continuaremos picando as balizas da btt2.

Chegaremos a Meta e picaremos:

Final ➡ Descarga

Rappel:

Só rapelará un de cada equipo. O Chegar, poñerase o material necesario para rapelar e cando o responsable dé o OK, picarase INIC NEUTRALIZACION (todos os do equipo nesa sección) e FIN NEUTRALIZACION (idem) cuando o diga o responsable. Faise o rappel e se e todo correcto, picamos BALIZA RAPPEL (todos)

A meta pechara as 20:00 e as 21:00 entrega de premios e pincho de confraternización no pavillón de cariño.